



Resolución do 5 de maio de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se levanta a suspensión do procedemento de concesión de axudas convocado pola da Orde do 22 de novembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2020, co obxecto de coñecer a lingua dese país (DOG Núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020).

1. Por Orde do 22 de novembro de 2019 (DOG Núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020) aprobáronse as bases e procedeuse á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2020, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

As estadias realizaríanse entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2020. As persoas interesadas tiveron ata o 13 de marzo de 2020 para presentar as súas solicitudes. O momento procedemental no que se atopa na actualidade corresponderíase coa publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos por documentación incompleta.

2. Sen embargo, dende a publicación da convocatoria, acaeceron circunstancias de especial relevancia derivadas da declaración de emerxencia sanitaria orixinada pola propagación do virus COVID-19, que a Organización Mundial da Saúde elevou á categoría de pandemia internacional o 11 de marzo de 2020.

3. En Galicia, por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

4. En virtude do referido Acordo do 13 marzo de 2020, declarouse a situación de emerxencia sanitaria, activouse o Platerga e constituíuse, co obxecto de garantir o





funcionamento e a operatividade do Plan, un Centro de Coordinación Operativa (Cecop), habilitado para adaptar ás circunstancias as previsións nel establecidas, para ditar ordes e instrucións que afecten a dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como para adoptar medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme o que dispoña se así o aconsellan as necesidades da emerxencia e dos bens que hai que protexer, medidas que, entre outras, poderían implicar a reorganización funcional dos servizos administrativos.

5. Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, por período de 15 días. A vixencia desta situación foi prorrogada por medio de sucesivas autorizacións do Congreso dos Deputados, de momento esténdese, polo Real Decreto 492/2020, do 24 de abril, ata as 00:00 horas do día 10 de maio de 2020 (BOE Núm. 115 do 25 de abril de 2020).

Entre as medidas previstas no Real Decreto 463/2020 e nos anteriores Acordos da Xunta de Galicia, atópanse fortes restricións á liberdade de circulación de persoas, á suspensión da apertura ao público de bo número de locais e establecementos no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalaría e restauración, e outras adicionais.

6. Por Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, deuse publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o cal se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

Neste acordo, entre outros aspectos, prevíase, en consonancia co disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





7. Con posterioridade, publicouse no BOE do 18 de marzo o Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Entre outras modificacións, dáse nova redacción ao número 4 da disposición adicional terceira daquel real decreto. Conforme a redacción vixente, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

8. O 8 de abril de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 3 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 3 de abril de 2020, sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación e de subvencións.

O punto primeiro do dito acordo declarara, mentres se manteña a declaración de estado de alarma e de situación de emerxencia sanitaria, de interese xeral e indispensables para o funcionamento básico dos servizos as actuacións internas de inicio, impulso, ordenación e instrución (incluída a petición e emisión de informes) integrantes dos expedientes de contratación e de subvencións do sector público autonómico e, previas aos actos de fiscalización e de aprobación, sempre que se poidan realizar cos medios persoais dispoñibles nas condicións establecidas polo Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) do 15 de marzo de 2020, mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

E, no punto segundo establécese que, para estes efectos, e respecto de cada expediente en particular, os correspondentes órganos competentes disporán, mediante resolución motivada, o inicio ou a continuación dos expedientes en que se dean as circunstancias anteditas ata o momento procedemental sinalado, con base no establecido nos números 3 e 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.





9. Na súa consecuencia, tendo en conta que a orde de convocatoria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 22 de novembro de 2019, ten por obxecto conceder axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2020 (entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2020) e, que a aparición do COVID-19 require da adopción de medidas preventivas e de accións que limiten a propagación internacional da enfermidade e que, de momento, a última prórroga do estado de alarma esténdese, polo Real Decreto 492/2020, do 24 de abril, ata as 00:00 horas do día 10 de maio de 2020, considérase necesario levantar a suspensión do procedemento de concesión das axudas de referencia para, canto antes, deixar sen efecto a súa convocatoria dando público coñecemento desta circunstancia, por constituír un grave risco para a saúde e seguridade do alumnado destinatario.

10. A disposición derradeira primeira da Orde do 22 de novembro de 2019 faculta o titular da Secretaría Xeral de Universidades para ditar, dentro das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento desa orde.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Levantar a suspensión do procedemento de concesión de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2020, co obxecto de coñecer a lingua dese país, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019, para poder tramitar a orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que a deixe sen efecto.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

